



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

**GALICIA**  
LABORAL**LOITA**  
polo **TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 690 Semana do 8 ao 14 de agosto de 2016

**12 DE AGOSTO, DÍA INTERNACIONAL DA XUVENTUDE**

## OS SALARIOS DA XUVENTUDE GALEGA SON UN 9,4 POR CENTO MÁIS BAIXOS QUE A MEDIA ESTATAL

*A taxa de paro entre os mozos e mozas medra en dous puntos dende a reforma laboral e é 9 puntos máis elevada que no conxunto de idades*

**Redacción.-** Con motivo da celebración, este venres do Día internacional da xuventude, UGT-Galicia fai unha análise da situación do mercado laboral da xuventude galega que resulta devastadora. Altas taxas de desemprego, temporalidade, parcialidade, salarios moi por debaixo que no resto das idades e taxas de pobreza ou exclusión social alarmantes. Situación que se agudizou aínda máis coa entrada en vigor da Reforma laboral imposta polo Goberno do PP.

Esta análise leva a concluír que as políticas de emprego dos gobernos do PP, tanto no Estado como en Galicia, non están logrando os obxectivos que anunciaban, especialmente a Reforma laboral. O que si están conseguindo é empeorar as condicións de traballo e de vida da poboación en xeral, pero dun xeito máis incisivo entre as persoas novas. Empeoran as condicións de traballo, diminúe a estabilidade no emprego e redúcese a calidade do mesmo. Isto conduce a un continuado descenso das rendas do traballo que impedirá retomar a demanda interna e mellorar a economía no seu conxunto.

A temporalidade e a contratación a tempo parcial son os dous camiños polos que está a transcorrer a creación de "subemprego". Esta tendencia hai que mudala xa. Primeiro, derogando as reformas laborais impostas; modernizando os servizos públicos de emprego; poñendo en marcha un Plan de choque polo emprego (con medidas específicas para os colectivos con maiores dificultades, entre os que se atopan os mozos e mozas); acabando coas políticas de austeridade compulsiva tanto en España como na UE; reforzando as políticas activas de emprego e estendendo o sistema de protección por desemprego; potenciando o Plan de Garantía Xuvenil; ou mellorando a formación profesional dual, entre outras medidas.

Ata agora os datos de redución do



desemprego que se produciron teñen que ver máis cos colectivos de mozos e mozas que emigran ou os que deixan de buscar emprego porque retoman os estudos ou polo efecto desánimo, máis que pola contratación real que se rexistra, que se centra no emprego temporal.

Unha análise do mercado laboral galego, centrada nas persoas novas, reflicte desigualdade con respecto ao resto do grupo de idades, incluso dentro de Galicia. Desigualdade que se acrecenta dende a entrada en vigor da reforma laboral e os recortes impostos polos gobernos do PP en Galicia e no resto do Estado. Pero é que a xuventude galega tampouco presenta unha situación moi vantaxosa, todo o contrario, con respecto á mocidade do conxunto do Estado.

Segundo os datos da EPA, dende a aplicación da reforma laboral a taxa de paro incrementouse dous puntos entre os menores de 35 anos, pasando do 24,6 por cento no segundo trimestre de 2011 ao 26,6 por cento no segundo trimestre de 2016. Ademais, sitúase nove puntos por enriba da que se rexistra no resto de idades en Galicia, do 17,7 por cento.

E a isto hai que engadir que o 67,53 por cento (datos de 2015, o último dato que ofrece o SEPE desagregado por idades) dos mozos e mozas menores de 30

anos que están en paro non teñen ningún tipo de cobertura por desemprego, fronte ao xa moi elevado 50,9 por cento do conxunto de idades.

### Máis do 40 por cento da xuventude galega en desemprego leva máis dun ano nesta situación

O desemprego de longa duración, aqueles que levan máis dun ano nesta situación, tamén golpea aos máis mozos. Segundo os datos do IGE e do INE, con respecto ao segundo trimestre de 2011, xusto antes da reforma, este subiu en 1.700 mozos e mozas, ao pasar de 32.500 a 34.200. Do total das persoas desempregadas menores de 35 que hai hoxe en Galicia, o 40,4 por cento levan máis dun ano nesta situación.

Para UGT-Galicia, un dos principais problemas do mercado laboral galego é a perda de poboación activa, que ten a súa orixe, basicamente, na caída demográfica, a emigración laboral e o abandono da busca activa de emprego polo efecto desánimo ante a falta de oportunidades.

### Hai un 26 por cento menos de poboación activa e un 28 por cento menos de persoas ocupadas en Galicia menores de 35

## anos que antes da Reforma laboral

Hai un 26 por cento menos de poboación activa menor de 35 anos agora no 2016 con respecto a 2011.

Nestas idades, a poboación ocupada redúcese en Galicia nun 28 por cento dende a entrada en vigor da reforma laboral. No segundo trimestre de 2016 a mocidade ocupada en Galicia sitúase nas 233.700 persoas, baixando en relación ao 2011 en 89.000. En só cinco anos rexístrase máis da cuarta parte de perda de ocupación entre a mocidade. Unha baixada moito máis acusada que no resto do Estado onde esta foi do 22,8 por cento.

Por sectores, só o de servizos ocupa ao 73,8 por cento da mocidade galega, seguido da industria, a moi longa distancia, cun 15,8 por cento, e xa cun 5,8 por cento, a construción, e cun 3 por cento a agricultura.

## Cada vez menos contratos indefinidos para a xuventude

Antes da aplicación da reforma laboral, en xuño de 2011 esta porcentaxe era entre os menores de 25 anos de 7,4 puntos, situándose no 2016 no 5,8 por cento (sendo no conxunto das idades o 8,3 por cento), o que evidencia que cada vez realízanse menos contratos de modalidade indefinida sobre o total da contratación rexistrada.

Tamén se constata que a menor idade, maior porcentaxe de contratación rexistrada de modalidade temporal sobre o total.

## Taxas de temporalidade alarmantes entre as mozas e mozos galegos, do 47 por cento

As mozas e mozos galegos sofren taxas de temporalidade alarmantes, do 46,84 por cento, fronte ao 25,8 por cento que se rexistra no conxunto de idades. O 86,2 por cento das persoas novas ocupadas traballan por conta allea e, deste total,

tan só o 53,2 por cento teñen contrato indefinido.

## O 19 por cento da xuventude en Galicia traballa a tempo parcial e o 65 o fai dun xeito involuntario

A xuventude galega tamén é vítima da parcialidade, na maioría dos casos de carácter involuntario. Se no primeiro trimestre de 2011 a parcialidade dos e das menores de 35 anos en Galicia era do 16,1 por cento, no segundo trimestre de 2016 aumentou ata o 19,1 por cento. No total da poboación esta taxa é do 14 por cento.

Cando o contrato parcial é unha opción persoal e voluntaria non hai problema pero é que o 65 por cento dos mozos e mozas que están nesta situación indican que o motivo é non atopar un traballo a xornada completa.

## O 14 por cento da mocidade galega ten un subemprego

Pero se o desemprego, a temporalidade e a parcialidade non eran suficientes, a mocidade galega tamén ten que sufrir o subemprego por insuficiencia de horas de traballo. O 14 por cento da xuventude galega está nesta situación. No conxunto de idades esta taxa é do 9,5 por cento.

En materia salarial, pódese afirmar que a mocidade galega, de entre 25 e 34 anos, percibe un 9,4 por cento menos de salario ao ano que un mozo ou moza no conxunto do Estado (son datos do ano 2013 porque é o último dato dispoñible da Enquisa anual de estrutura salarial), e un 17,9 por cento menos que a media anual que percibe un traballador ou traballadora en Galicia.

## Moitas empresas utilizan bolseiras e bolseiros en lugar de realizar un contrato de traballo

Existe unha gran falta de control sobre as prácticas que imposibilita coñecer o

número real de bolseiros e bolseiras que están realizando prácticas en empresas. Pero si hai constancia, a través das estadísticas de emprego e contratación da EPA, que recorrer a esta modalidade no día a día laboral increméntase en tempos de crise, mesturándose as relacións laborais e as non laborais, abusando dos mozos e mozas que, a pesar de terminar a súa formación académica, se ven empuxados a aceptar unha bolsa en substitución dun contrato laboral.

Se ben no conxunto do Estado esta situación é preocupante, xa que o 11,76 por cento das persoas que acadaron a súa titulación universitaria no ano 2009/2010, no 2014 a súa situación profesional era ter un contrato en prácticas, de formación ou unha bolsa, en Galicia esta porcentaxe elévase ata o 16,23 por cento.

Aínda que, tras a sentenza do Tribunal Supremo, desde maio de 2013 restableceuse a obriga das empresas de cotizar polas bolseiras e bolseiros que recibisen contrapartida económica, tamén é certo que a cotización é moi escasa e ronda a precariedade, xa que só se cotiza na base mínima por contingencias comúns e profesionais, sen incluír a cotización ao desemprego, Formación Profesional e Fondo de Garantía Salarial. Polo que cando se utiliza un bolseiro ou bolseira para substituír un contrato de traballo, esta actuación non só prexudica ao mozo ou moza, senón a todo o sistema da Seguridade Social.

E todo isto tendo en conta que, segundo un estudo da Comisión Europea, o 61 por cento das persoas que teñen unha bolsa en España non reciben ningunha compensación económica polas súas prácticas. Desde UGT-Galicia cremos que, antes de aumentar a idade de xubilación, deberíanse incluír no sistema de Seguridade Social a todos os bolseiros e bolseiras, así como, a todas as persoas empregadas na economía mergullada. Denunciamos que se deberían de realizar máis actuacións da Inspección de Traballo e cremos firmemente que se debería recorrer aos contratos formativos.

**Programa de garantía xuvenil**

**Programa extraordinario de activación para o emprego**

**¡INFÓRMATE!**

Dirixete ás sedes de **UGT**  
ou en: <http://www.ugtg Galicia.org>

# OS RETOS QUE UGT PLANTEA AO NOVO GOBERNO

**Aumentar o gasto en políticas activas, reformar a protección por desemprego, reformar a política fiscal, promover un chan de gasto social na Constitución, recuperar o gasto en educación, sanidade e servizos sociais, revalorizar as pensións co IPC e recuperar o modelo de xubilación anticipada e a tempo parcial**

**Redacción.-** UGT continúa coa campaña iniciada a semana pasada na que trata de difundir publicamente, a través dos medios de comunicación e as redes sociais, cales son os retos que debería poñer enriba da mesa o novo Goberno.

UGT denuncia que o orzamento destinado a políticas activas caeu case á metade entre 2010 e 2015, mentres o desemprego de longa duración creceu dende o 2009 en 1,9 millóns de persoas. Para UGT, resulta imprescindible aumentar o gasto en políticas activas e destinalo a mellorar a empregabilidade das persoas e non a bonificar ao sector privado. Ademais, é necesario reformar a protección por desemprego para facela máis inclusiva e extensa, diminuír os niveis de desigualdade e pobreza e rescatar así ás persoas que sufriron os efectos da crise.

Dende 2014 o Goberno aumentou o presuposto destinado ás bonificacións para o fomento do emprego en máis de 400 millóns, e entre 2015 e 2016, as reducións en cotizacións sociais a máis de 200 millóns de euros. Para este ano, destínanse, entre bonificacións e reducións ás cotizacións sociais máis de 3.700 millóns de euros -máis da metade do orzamento destinado a políticas activas- que poderían empregarse en políticas moito máis eficaces para mellorar a situación dos desempregados. Para UGT, necesítanse moitos máis recurso e outras actuacións para axudar a atopar traballo aos 4,8 millóns de traballadores sen emprego que hai no noso país, e facer os servizos públicos de emprego máis eficaces nas súas tarefas.

Nesta mesma liña de demandas ao novo Executivo, UGT considera imprescindible unha reforma fiscal integral, xusta e equitativa onde se aumenten os ingresos e os que máis teñen paguen máis. España é un dos países que menos recuada de toda a UE e un dos máis desiguais á hora de cotizar, polo que necesitamos maiores ingresos e loitar contra a fraude fiscal e a economía mergullada para soste-lo gasto público e fortalecer os servizos públicos básicos para a poboación.

UGT reclama tamén a derogación da reforma do artigo 135 da Constitución que foi innecesaria e desequilibrada e que introduciu restriccións á política económica que poden afectar á cohesión social e ás capacidades de desenvolvemento do país. Ademais, é necesario introducir no texto constitucional un compromiso de gasto destinado a financiar os servizos públicos fundamentais e aumentar progresivamente



esta gasto para achegarnos aos países da UE.

A última reforma constitucional serviu para abrir o debate sobre a necesidade de blindar constitucionalmente as partidas de gasto esenciais para soste-lo estado de benestar, para que a adecuación das administracións públicas ao principio de estabilidade presupostaria non poida en ningún caso derivar no desmantelamento dos sistemas de protección social. Por iso, é necesario recoñecer constitucionalmente un chan de gasto social que permita no futuro o mantemento de niveis de protección suficientes en sanidade, educación, dependencia, servizos sociais, protección por desemprego e pensións, de xeito que España poida progresivamente converxer cos niveis europeos de protección social máis elevados.

Por outra banda, UGT considera que o próximo Goberno ten a obriga de recuperar, revitalizar e reforzar a sanidade, a educación e os servizos sociais fortemente deteriorados polos recortes e privatizacións que produciron un aumento das desigualdades, dos niveis de pobreza e da desprotección social. O Sindicato considera que un dos retos é garantir que ningún cidadán se quede sen protección social pública e, para elo, é necesario incrementar o gasto social nestas partidas ata recuperar, polo menos, o nivel que tiñan antes da crise, entre outras cousas.

Xunto ás pensións e o sistema de prestacións por desemprego, a sanidade, a educación e os servizos sociais son os alicerces que sosteñen as bases do estado de benestar. Sen embargo, o Goberno recortou os orzamentos destinados a estes servizos básicos aplicando fundamentalmente sobre eles as políticas de austeridade.

Ademais do recorte de gasto, produciuse unha forte presión para privatizar a prestación deses servizos e mercantilizar os

dereitos dos seus beneficiarios, o que en último termo supón unha importante transferencia de rendas do sector público ao privado (en xeral, a grandes corporacións) e, sobre todo, unha dramática perda de cobertura e calidade deses servizos esenciais.

A Unión Xeral de Traballadores considera imprescindible nesta nova Lexislatura recuperar o Pacto de Toledo como eixo fundamental para a sustentabilidade das pensións. Para UGT, é ineludible derrogar a última reforma do Goberno do PP, que supón unha perda de poder adquisitivo para os pensionistas actuais e futuros e pon en xaque o sistema público de pensións. Ademais, o sindicato reclama establecer novos mecanismos de financiamento a través dos impostos e recuperar a xubilación anticipada e a xubilación parcial aos 60 anos co contrato de substitución, entre outras cuestións.

A aplicación do Índice de Revalorización e o Factor de Sustentabilidade, introducidos pola reforma das pensións do PP, supón, por unha banda, unha perda crecente de capacidade adquisitiva dos pensionistas actuais e futuros, e por outro, unha redución notable da contía das pensións de xubilación iniciais que se vaian causando nos próximos anos, poñendo en grave perigo a dignidade e seguridade económica dos pensionistas, e do propio sistema público de pensións tal e como hoxe coñecémolo. Segundo distintos estudos, a aplicación acumulada destas dúas medidas, levará, no medio e longo prazo, unha redución da pensión de entre un 15% e un 26%. Por tanto, é necesario recuperar o Índice de Prezos ao Consumo como a referencia para a revalorización das pensións, no sentido que reflectía o antigo artigo 48 da Lei da Seguridade Social 1/1994, así como, derrogar o Factor de Sustentabilidade.

## NON BASTA CON FALAR DE REXENERACIÓN DEMOCRÁTICA, O FUNDAMENTAL É ABORDAR OS PROBLEMAS DAS PERSOAS

**Redacción.-** A vicesecretaria xeral de UGT, Cristina Antoñanzas, manifestou que aínda que é necesario adoptar medidas que rexeren e melloren a calidade democrática, tal e como esixe Albert Rivera a Rajoy, para apoiar a conformación dun novo Goberno, o que é fundamental é propoñer e establecer medidas para mellorar os graves problemas que afectan as persoas. Hai que falar de pensións, do mercado laboral, do desemprego e como imos abordar todas as políticas que teñan que ver con estas cuestións.

Neste sentido, Antoñanzas lembrou o documento sindical “20 Actuacións urxentes polo progreso e o benestar social” que se presentou aos partidos políticos antes das eleccións para facer fronte aos principais problemas que hai no noso país. Propostas que poden ser unha folla de ruta para que o novo Goberno sa-



que da crise aos cidadáns e cun alto grao de aceptación por parte dos partidos políticos (algúns as apoiaban nun 100% e Cidadáns apoiaba numerosas medidas desas 20 actuacións urxentes propostas polos sindicatos)

Antoñanzas lembrou que “hai moita

xente que o está pasando moi mal” e afirmou que hai que abordar temas como a calidade do emprego, pois a elevada precariedade dos contratos non permite aos traballadores chegar a fin de mes, ou como financiar as pensións entre outros asuntos. Estes son os temas que preocupan realmente ás persoas.

## É HORA DE IMPULSAR POTENTES INCREMENTOS SALARIAIS

*IPC xullo 2016*

**Redacción.-** A evolución negativa dos prezos (a taxa anual sitúase no -0,6%) é un síntoma máis dun crecemento económico fráxil e desequilibrado, que non chega ás familias e os traballadores. De 2010 a 2014 estes perderon un 6,2% do seu poder adquisitivo, sendo o 30% dos que menos gañan quen sufriu maior desvalorización salarial (o salario real do 10% destes traballadores caeu un 23%, de 2009 a 2014).

Fronte ás políticas de austeridade, que incrementaron a pobreza e as desigualdades, UGT demanda políticas fiscais e sociais expansivas e un cambio na política de rendas, incrementando o poder adquisitivo dos cidadáns (os empregados públicos, os pensionistas e os traballadores do sector privado). Neste sentido, o sindicato demandará potentes incrementos salariais en 2017, así como un aumento do SMI ata alcanzar os 800 euros no primeiro ano da próxima lexislatura.

Segundo os datos publicados hoxe polo Instituto Nacional de Estadística (INE), o IPC segue na súa senda negativa. A pesar de que a



taxa anual aumentou dúas décimas, ata o -0,6%, a variación mensual dos prezos caeu un punto e dúas décimas, desde o 0,5% de xuño ao -0,7% en xullo.

A inflación subxacente, que mide a variación xeral de prezos descontando os alimentos non elaborados e os produtos enerxéticos, aumenta unha décima e sitúase no 0,7%, 1,3

puntos porcentuais por encima do IPC xeral.

Pola súa banda, no mes de xullo a taxa de variación anual do IPC Harmonizado (IPCA) sitúase en -0,7%. Deste xeito, o IPCA de España sitúase case un punto porcentual por baixo da taxa media da eurozona, que repuntou ata o 0,2%, segundo o dato provisional.

## UGT DESTACA O TRABALLO DOS BOMBEIROS FORESTAIS

*Traballo que se está a desenvolver con medios escasos e deficientes e tamén se acusa falta de coordinación*

**Redacción.-** Desde a Federación galega de Servizos Públicos (FeSP-UGT) que-remos denunciar que a alta actividade incendiaria e as circunstancias meteorolóxicas deste comezo de agosto esta levando ao límite as forzas dos bombeiros forestais do servizo público de loita contra incendios forestais. Brigadas que extinguen máis de 5 incendios en xornadas laborais continuadas de 12 horas, vehículos motobomba novos que dan fallos continuos nos sistemas de freado, sistemas de presión, hidráulicos..., e vehículos todoterreo con cuba que dan continuos fallos nas bombas de presión.

Levamos anos advertindo destes problemas e solicitando a participación dos traballadores na adquisición de equipos acordados e adaptados ao traballo que se desenvolve día a día, para adaptar os vehículos ás características da orografía galega. UGT denuncia a negativa por resposta nas reiteradas solicitudes que fai esta organización a través das reunións do comité de seguridade e saúde laboral e noutros foros de negociación.

O sistema de comunicacións actual xera unha perigosa descoordinación dos medios ao estar en fase de implantación o sistema dixital novo que opera este ano, que non se

dotou a todo o persoal e que, ademais, convive co vello e deficiente sistema analóxico de comunicacións. Esta situación pon en risco aos bombeiros forestais que traballan duramente e que en moitas ocasións vense na obriga de poñer medios persoais de comunicación a disposición da consellería para poder desenvolver o seu traballo e coordinarse entre os medios, coas casetas e cos distritos forestais.

Outros problemas que se están a dar é a falta de avituallamentos e auga para o persoal de extinción directa, que está a sufrir circunstancias de estrés térmico e fatiga que se está acumulando, incrementando esta situación o risco de sufrir accidentes. UGT insiste na necesidade dunha valoración de riscos de esforzo físico e de contaminantes que afectan aos traballadores na extinción de incendios, que é unha obriga legal.

Tamén existe falta de persoal ao non estar ao 100% o dispositivo que se define no PLADIGA 2016, ao non estar contratadas en pleno risco extremo de incendios forestais as brigadas municipais, que a día de hoxe aínda está facendo anuncios nos concellos para a contratación, e ao non cubrir as baixas do persoal do dispositivo permanente (SPDCIF) da Xunta de Galicia.

Mentres tanto, UGT votou en contra a unha negociación na que a Consellería de facenda pretende burlarse dos traballadores ao non recoñecer a categoría de bombeiros forestais que se recolle no Código Nacional de Ocupación no código 5932, negociación que negligentemente abriu nunha época de risco extremo de incendios forestais con claros intereses electoralista, cando se leva solicitando esta negociación desde hai máis de oito anos.

Neste acordo tamén se pretende deixar sen regular o paso a segunda actividade do persoal de máis de 60 anos de extinción directa que está a traballar estes días na dramática situación que vivimos. Persoal que ascende a un total de 100 bombeiros e que nun prazo de cinco anos sería un total de 300.

Instamos á Xunta á resolución inminente destes graves problemas e á modificación do acordo presentado, aceptando as alegacións desta organización sindical. E, como non, nestes difíciles días UGT non pode deixar de destacar a labor dos nosos compañeiros e recordar que nesta situación extrema de risco de incendios as prioridades son as vidas, protexer os bens e salvagardar a natureza do noso país.

## FE SP ADVIRTE QUE A POSIBLE TENSIÓN ELECTORAL PARA ADIANTAR NUN MES O ABOAMENTO DAS DÉBEDAS DAS PAGAS EXTRAS DO PERSOAL DA XUNTA PODERÍA XERAR DEMORAS EN AGOSTO

**Redacción.-** A posible tensión electoralista desencadeou desde o pasado xoves 4 de agosto unha situación inédita e absurda en relación coa execución do aboamento das pagas subtraídas ao persoal da Xunta de Galicia, e que se recuperaron, en parte polo Acordo sindical asinado o pasado 2 de xuño. A Federación galega de Servizos Públicos (FeSP-UGT-Galicia) considera que o dito apresuramento de adiantar nun mes ao inicialmente previsto as cantidades adebedadas podería podería xerar demoras do aboamento da extra de 2012 para algúns colectivos.

Na Mesa Xeral de Negociación do pasado xoves a Dirección Xeral da Función Pública responde, diante dos rumores do adianto do pago, que non se teñen noticias ao respecto pero que se dará unha resposta oficial o martes 9 na Comisión de Persoal. Pero a realidade era ben distinta, xa que algunhas habilitacións responsables do seu abono xa

recibiran as instrucións o pasado martes para proceder ao seu pago coa nómina do mes de agosto. Confirmar que na pasada Comisión de Persoal do día 9, ante a pregunta realizada por UGT ao respecto do aboamento do acordado, Función Pública da a calada por resposta, sendo CSIF a que, de xeito descarado, tendencioso e de xeito xocoso alude a esta cuestión.

No mes de marzo, cando a previsión dos comicios electorais era para outubro, a Consellería de Facenda asumiu o compromiso de realizar o pagamento no mes de setembro e nada se comunicou ao respecto en xuño cando entra en vigor a Lei 7/2016 e se acorda cos sindicatos un calendario de devolución do 25% da paga adicional do ano 2012 e da paga extraordinaria devengada do ano 2013 (meses xaneiro e febreiro de 2013), asegurándose o seu pagamento antes de finalizar o ano 2016. Pero foi a partir do luns pasado cando a Administración, de xeito



chapeuceiro e desorganizado, move a súa maquinaria para converter este tema nunha medida electoralista.

UGT advirte que a falta de comunicación entre a Dirección Xeral de Orzamentos e as consellerías, derivada dunha execución acelerada desta decisión política, está ocasionando problemas para o pagamento da nómina deste mes nalgún departamento da Xunta.